

# Celga



# 2

## PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA  
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL  
DE POLÍTICA  
LINGÜÍSTICA

C2-B-II-23

## PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, vai ler vostede un artigo. Tome as notas que precise.

Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.


### Inventos galegos dos que (seguramente) non tiñas nin idea

Galicia é terra de persoas inventoras. Así o demostran as 200 patentes rexistradas cada ano e as máis de 2000 que levamos no que vai de século XXI.

O máximo expoñente da creación *made in* Galicia é e será sempre Alexandre de Fistera. Gloria eterna ao inventor do fútbolín!

A continuación, veremos algunhas das máis destacadas creacións galegas.

#### A calculadora



Ramón Silvestre Verea de Aguiar, natural da Estrada, foi enxeñeiro, xornalista, escritor e inventor da calculadora mecánica. En 1878 recibe a medalla de ouro na Exposición Mundial de Inventos e consegue a patente nos Estados Unidos da súa «máquina de calcular».

Pesaba uns 26 quilos e era de ferro e aceiro. Podía sumar, restar, multiplicar e dividir directamente con números de ata 9 cifras, sen encadear sumas (como se facía ata entón) e en só 20 segundos.

Ese primeiro modelo consérvase nos depósitos da sede central neiorquina de IBM e forma parte da colección iniciada en 1930 polo fundador da empresa.

#### O libro electrónico

Sabías que o primeiro libro electrónico o ideou unha mestra de Ferrol? Ángela Ruíz Robles, dona Angelita para o seu alumnado, foi a creadora duns taboleiros dixitais que nese momento soaban a ciencia ficción.



Tiñan dúas partes. A primeira estaba dedicada a coñecementos básicos de escritura, cálculo e lectura. A segunda, a base de bobinas, contiña información máis ampla de cada materia, o equivalente a unha enciclopedia.

Todo integrado nun sistema mecánico que, ademais, incluía cristal de aumento e mesmo sons.

A Ángela Ruíz Robles nunca se lle recoñeceu o mérito do seu libro mecánico que, de poñerse en circulación naquel momento, melloraría o sistema de ensino en España. Mais eran malos tempos para ser muller e inventora.

### Os motores de gasóleo



Eduardo Barreiros, nacido en Nogueira de Ramuín, provincia de Ourense, comezou dende moi novo a traballar con motores. Del xurdiu a grande idea de converter os motores de gasolina en motores de gasóleo, por ser un combustible máis económico.

O éxito foi inmediato e, en pouco tempo, creou un grande imperio empresarial: a fábrica Barreiros Diésel.

O enxeño galego segue en forma. Pode que coñezas algunhas creacións como o tobogán inoxidable, a máquina de pelar castañas, o sistema antirrobo de cable, o abrelatas multiúsos ou o invento para evitar atropelos.

Na maioría dos casos, son persoas anónimas as que lanzan a súa grande idea ao mundo confiando en ter éxito.

Cal será o próximo grande invento galego?

Texto adaptado a partir de diversas fontes



**PARTE 2**

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Como se chama?</li> <li>■ A que se dedica?</li> <li>■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...</li> <li>■ Canto tempo leva estudando galego?</li> <li>■ Por que o estuda?</li> <li>■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten?</li> </ul> <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>■ Que lle gusta máis da cultura galega?</li> <li>■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?</li> </ul>	
2. RESUMO	2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>■ Cal é o invento galego máis famoso?</li> <li>■ Que inventou Ramón Silvestre?</li> <li>■ Quen creou o primeiro libro electrónico? Cales son as súas características?</li> <li>■ En que consistía o invento de Eduardo Barreiros?</li> <li>■ Cales son os outros inventos que se citan no texto?</li> </ul>	

### 3. RELATO

3 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: nesta parte a persoa candidata debe relatar unha anécdota ou unha historia. A persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas e diralle á persoa candidata que faga un **relato en 2 minutos aproximadamente**. Daráselle **1 minuto para pensar** ou organizar o seu relato e indicárselle o tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que pasou? Cando? Como? Onde? Con quen? A opción de relato que se lle dá á persoa candidata (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción.

- A. Conte con detalle cal ou cales foron os inventos que máis lle cambiaron a vida.
- B. Conte con detalle algunha anécdota que lle pasou a vostede ou a algunha persoa coñecida cando lle regalaron un teléfono móbil, un ordenador, un libro electrónico etc.
- C. Conte algún suceso ou anécdota que lle pasou a vostede ou a algunha persoa coñecida ao ir mercar un libro electrónico, un ordenador, un teléfono móbil ou calquera outro aparello.

### 4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador:

Apartir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa coa persoa candidata.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata.

#### OPCIÓN A

- Que avance cre que sería hoxe o máis necesario para as persoas? Por que?
- Na súa opinión, a idade pode ser un problema para usar novos aparellos? Por que?
- Cre que o televisor é fundamental nunha casa? Por que?
- Se ten que escoller entre a lavadora e o televisor, con cal quedaría? Por que?
- A cal dos aparellos que ten na súa casa non podería renunciar? Por que? Que faltaría por inventar?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe a respecto deste tema?

**OPCIÓN B**

- Pensa que inventos como o teléfono móbil, o ordenador... son bos regalos? Por que?
- Cal foi o agasallo que máis lle gustou? E o que menos? Por que?
- Os regalos deben ser útiles ou algo exclusivo, bonito etc.? Por que?
- Cre que é conveniente regalarlle un teléfono móbil a un neno? E un libro electrónico ou unha calculadora? Por que?
- Que agasallos lle gustan máis, os que xa espera (polo seu aniversario, por Reis... ) ou os que son unha sorpresa, sen ningún motivo? Por que?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe a respecto deste tema?

**OPCIÓN C**

- Onde deberíamos mercar os aparellos electrónicos, nas tendas máis pequenas ou nos grandes almacéns? Por que?
- Compraría vostede un ordenador por Internet? E outros aparellos electrónicos? Por que?
- Mercaría algún aparello electrónico de segunda man? Por que?
- Que debemos ter en conta á hora de comprar un teléfono móbil? O prezo? A marca? As súas características? Por que?
- Cando cambia de teléfono móbil? Cando o necesita ou ao saír un modelo novo?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe a respecto deste tema?

